

NOVIDADE EDITORIAL | VERÁN 2016

**alvarellos**  
EDITORIA

## Un “Adagio por outono”, nos novos e premiados versos de Modesto Fraga

Publicado por Alvarellos Editora na súa colección Libros do Sarela, estes poemas foron galardoados no último Certame Literario de Vilalba (2015).

**Santiago de Compostela, verán, 2016.-** «Unha alta sinfonía do amor onde todo é tocado polo milagre dunha luz que emana da palabra poética». De tal xeito define a profesora Teresa Seara, no Limiar de *Adagio por outono*, a paixón lírica que destilan estes novos versos de Modesto Fraga, escritor de longa e premiada traxectoria literaria que suma, aos moitos recoñecementos recibidos, este primeiro premio de 2015 no XLI Certame Literario do Concello de Vilalba.

*Adagio por outono* é unha homenaxe a aqueles poetas italianos que, no século XIII, foron quen de rachar coa tradición e situar á muller no centro da súa lírica, e ao sentimento amoroso no cerne da súa revolución estética e da súa esperanza. Foron coñecidos como o Dolce Stil Novo.

Modesto Fraga escolle da tradición a arquitectura plena do soneto e dende ela transita ata o verso libre. Camiñamos, coa súa palabra, a través de Florencia, contemplamos a dozura dos lenzos de Rafael, abraiámonos ante o Pórtico da Gloria en Compostela, ou asistimos a un banquete poético onde se dan cita escollidas voces da literatura e da arte universais de todos os tempos.

Cada lector, cada lectora, atopará aquí poderosas razóns para vivir máis vidas e máis fondas a través da poesía e do amor.



FICHA TÉCNICA 76 pp | 14 x 21 cms |  
ISBN 978-84-16460-10-6 | PVP: 9 €

**Modesto Fraga Moure** (Fisterra, 1974) é poeta e narrador. Realizou estudos de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago, formou parte do Batallón Literario da Costa da Morte e foi integrante do consello editorial de Letras de Cal. Os seus versos levan colleitado numerosos recoñecementos, entre os que destacan o Premio Avelina Valladares (1997), Premio O Grelo-Amigos de Galicia (1997), Premio Rosalía de Castro (1998), Premio Francisco Añón (1998), Premio do Seminario de Estudos Comarcais (2012), XLI Certame Literario Concello de Vilalba (2015) ou o XIX Premio de Poesía Concello de Carral (2016). É autor dos seguintes libros de poemas: *Do amor salgado* (1997), *Mar de ausencias* (1999. 1ª ed.), *Ese extraño silencio* (2002), *Derrotas con raíces* (2007), *Mar de ausencias* (2009. 2ª ed.), *Atlántica luz. Poesía mareira 1995-2015* (2015), *Devalar sen pel* (no prelo). Ademais, publicou o ensaio *Fisterra, a derradeira perla de occidente* (2014) e coordinou, con Miro Villar, a antoloxía *De Pondal ao Batallón Literario. 120 anos de poesía na Costa da Morte* (2009).



- Para contactar con Modesto Fraga: [modestofraga@hotmail.com](mailto:modestofraga@hotmail.com), 615 48 45 07
- Para contactar coa Editorial: [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) - 609 90 88 52 – 981 522 137

+ info en [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)